

## Carta aos pais

Estimados pais,

Benvidos a *My Home Booklet*! Logo de completar cada unidade de **Kid's Box 5** no colexio, o voso fillo levará *My Home Booklet* a casa para ensinarvos o que estivo aprendendo.

Non fai falla que teñades un nivel alto de inglés para axudalo. O importante é que vos interesedes polo que fixo e apoiades cando sexa necesario. Facer isto beneficiará a súa aprendizaxe.

Cada unha das 9 unidades de *My Home Booklet* contén as seguintes actividades:

**As actividades da primeira páxina practican os contidos máis relevantes do vocabulario e da gramática da unidade.** É importante asegurarse de que o neno entenda o que ten que facer e animalo a que realice a actividade de forma autónoma. A medida que vaia rematando as actividades, pedídlle que vos lea as respostas. Se vos decatades dalgún erro, non llo sinaledes inmediatamente. A miúdo, ao ler as respostas en voz alta, darase conta dos erros. Tamén podedes facerlle preguntas en inglés ou animalo a que fale de si mesmo, cando sexa oportuno.

**As primeiras actividades da segunda páxina céntranse na lectura e a escritura.** Cada unidade traballa un tipo de texto diferente. Primeiro ofrécese unha lectura breve, que traballa a linguaxe aprendida na unidade e suscita unha sinxela actividade de comprensión. Esta lectura servirá de modelo ao alumno para redactar o seu propio texto na seguinte actividade. A continuación hai unha actividade que se centra nun trazo particular do texto xa traballado no Activity Book, como pode ser a puntuación, o uso dos adxectivos ou a división de palabras en sílabas. Finalmente, co modelo da actividade 3 como referente, o alumno redactará un texto similar, utilizando parte da linguaxe aprendida na unidade. Animádeo a que pense ben antes de escribir ou pedídlle, quizais, que escriba un borrador do seu propio texto no seu caderno antes de pasalo a limpo en *My Home Booklet*.



# Kid's Box

**A derradeira actividade é unha actividade de Autoavaliación.** Pedídlle ao voso fillo que lea as frases de “I can ...” e pense se as afirmacións son verdadeiras no seu caso. Debería colorear a cariña que represente a súa capacidade para realizar cada tarefa.

**Nota:** As iconas que aparecen xunto ás cariñas en *Basic competences progress* na parte inferior da páxina indican as Competencias Básicas traballadas, segundo establece o Consello de Europa e o currículo de Educación Primaria.

- 1 Comunicación lingüística
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3 Competencia dixital
- 4 Aprender a aprender
- 5 Competencias sociais e cívicas
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- 7 Conciencia e expresións culturais

Para rematar, ao final de *My Home Booklet* hai un Picture dictionary, un dicionario en imaxes no que o teu fillo deberá traducir todo o vocabulario clave do curso á súa propia lingua. Ademais hai unha sección especial, chamada Spelling, que revisa e practica a ortografía dos sons que traballaron no Pupil's Book.

Esperamos que vos divirtades traballando xuntos con *My Home Booklet*!

O profesor / A profesora de inglés do voso fillo.

